

**ACTA N 2019/24**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA**  
**11 DE XUÑO DE 2019.-**

**ÍNDICE DE PUNTOS**

**PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-**

.....  
2

**PUNTO SEGUNDO.- LICENZA DE OBRA.**

.....  
2

**PUNTO TERCEIRO.- MODIFICACIÓN LICENZA DE PARCELACIÓN.-**

.....  
4

**PUNTO CUARTO.- LICENZA DE DIVISIÓN DE LOCAL.**

.....  
8

**PUNTO QUINTO.- LICENZA DE PARCELACIÓN.**

.....  
9

**PUNTO SEXTO .- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

.....  
12

**PUNTO SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO LOTE N° 4 MONITOR DE ESPAZOS DE OCIO INFANTIL DENTRO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO INSERAMES BRION XI , TRAS A RENUNCIA DO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR**

.....  
12

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE XUÑO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as catorce horas (14:00 h) do día once (11) de xuño de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde en funcións, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde en funcións, Genma Otero Uhía, David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, M<sup>a</sup> Isabel Vaquero Quintela e Luísa Feijóo Montero.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira en funcións Silvia Dapena Liñares.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular de corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

### **PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-**

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, ordinaria do 3 de xuño de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

### **PUNTO SEGUNDO.- LICENZA DE OBRA.**

**Expediente: 2018/U022/000042**

Dáse conta da solicitude presentada por



Figura proxecto básico e de execución para a [redacted] edactado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez (colexiada núm.4857), visado do 10-9-2018, modificado de acabado de fachada de visado 7-2-2019 coa nova certificación de cualificación enerxética de proxecto.

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén a conformidade da Intervención Municipal ás consideracións tributarias deste expediente. Figuran tamén os seguintes informes sectoriais:

-Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, por afectar á estrada de titularidade desta AC-453 (Informes: IF205G 2019/000005-1 e IF205H 2019/000004-1, de 27 de febreiro de 2019), rex.entrada número 201999900000808.

-Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio cultural, resolución favorable condicionada de 20 de febreiro de 2019 (Expediente: 2018/1608), rex.entrada número 201900000001172.

Cualificación do solo polo PXOM: Núcleo rural tradicional.

Situación: [redacted]

Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7m.Ocupación máxima 50%.

Presuposto de execución material: [redacted]

Nome ou razón social do promotor: Manuel Vázquez Suárez, NIF 44819718-D,

Técnico autor do proxecto: Cristina Mourelle Vázquez (COAG 4857).

Superficie construída [REDACTED]

Descrición das obras: [REDACTED]

En aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, efectuouse un ingreso por un importe de 231,34 € segundo a continuación se detalla:

Rehabilitación (superficie do inmovible sobre o que se actúe)		
200,00 m <sup>2</sup>	0,33 €/m <sup>2</sup>	66,00 €
22,48 m <sup>2</sup>	1,61 €/m <sup>2</sup>	36,19 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
<b>TAXAS ABOADAS</b>		<b>231,34 €</b>
<b>Importe a devolver</b>		<b>0,01 €</b>

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.- Conceder**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED]

[REDACTED] segundo o proxecto redactado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez (COAG 4857), e informe subscrito pola arquitecta municipal.

**Segundo.-** A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

As sinaladas nos informes da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia: por afectar á estrada de titularidade autonómica AC-453 (Informes: IF205G 2019/000005-1 e IF205H 2019/000004-1, de 27 de febreiro de 2019).

As sinaladas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura e Turismo, Xunta de Galicia, por afectar ao Camiño de Santiago a Fisterra, Resolución de 20 de febreiro de 2019, (expediente: 2018/1608).

As sinaladas no informe subscrito pola arquitecta municipal :

-Establécese un aval a presentar antes do inicio das obras, garante da reposición de danos na vía, conexión dos servizos e acondicionamento, por importe de 3.000 euros.

-Aportará antes do inicio das obras os oficios de dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde e certificación enerxética de proxecto.

-Conectará cos servizos de saneamento e auga potable municipais existentes na vía. Non conectarán as pluviais á rede de fecais.

-Eventuais explanacións e recheos na parcela non modificarán o terreo no contacto cos predios lindantes.

-Deberán repoñer os elementos que se deterioren polas obras e acondicionar a conexión e ampliación de vía en relación ao entorno. En tramos sen beirarrúas, disporán canle suficiente para permitir o paso da auga de escorrenta da cuneta baixo firme e garantirán a conexión. Os pavimentos sobre dita canalización, contarán polo menos cunha solución de previsible boa resistencia no tempo, e que non dificulte o mantemento (formigón ou aglomerado), evitando superficies de grava solta para tránsito de vehículos. Recuarán postes e liñas aéreas da superficie de cesión, no seu caso.

-Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello, novo facultativo director da obra.

-Disporá, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas

na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.

-Ao remate das obras o propietario porao en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

-Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

**As sinaladas no informe da asesora xurídica:**

-Os condutores de camiões e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder á vía pública, así como que a citada vía quede limpa.

-Lémbrese a obriga legal de instar no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra (expediente: 2018/U022/000042).

**Terceiro.-** A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

**Cuarto.- Aprobar** a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de dous mil vinte e un euros con setenta e un céntimos de euro (2.021,71 euros) de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: 101.085,47 euros.

Liquidación provisoria (2%): 2.021,71 euros.

**Quinto.-** Remitir o expediente ao órgano de xestión tributaria aos efectos oportunos, no que se refire ao importe da autoliquidación ingresado segundo se detalla:

Rehabilitación (superficie do inmovible sobre o que se actúe)		
200,00 m <sup>2</sup>	0,33 €/m <sup>2</sup>	66,00 €
22,48 m <sup>2</sup>	1,61 €/m <sup>2</sup>	36,19 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
<b>TAXAS ABOADAS</b>		<b>231,34 €</b>
<b>Importe a devolver</b>		<b>0,01 €</b>

**Sexto.-** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**PUNTO TERCEIRO.- MODIFICACIÓN LICENZA DE PARCELACIÓN.-**

**Expediente: 2019/U018/000002**

A Xunta de Goberno Local de data 21 de febreiro de 2019, concedeu a

pola que resultarían sete parcelas de resultado, segundo o documento técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cándido Rodríguez Giráldez (colexiado 869) e o informe suscrito pola arquitecta municipal.

Con datas 24 e 29 de maio de 2019, ínstase solicitude de modificación da dita licenza de parcelación, achegándose documentación complementaria modificativa, xunto co proxecto de parcelación con modificacións, aos efectos de acadar á adaptación á realidade física e regularizar a cartografía catastral, facilitando a inscrición rexistral das parcelas resultantes.

Obra no expediente proxecto de segregación de finca modificado, datado en maio de 2019,




(protocolo número 895)

A modificación propón a segregación de dúas porcións

Segregación e simultánea agrupación solicitada:

Parcelas de resultado (da segregación)	Superficie inicial parcelas	Superficie segregada	Superficie final parcelas
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

A finca 04(\*) queda pendente de cesión para ampliación de viais coa correspondente licenzia de obra dado que non é obxecto de parcelación, so dunha regularización coa colindante.



En aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, aboáronse as taxas por importe de 64,57 euros.

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén a conformidade da Intervención municipal ás consideracións tributarias deste expediente.

Á vista dos informes favorables á modificación, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-**

[REDACTED] autorizada en Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2019. a modificación



**Segundo.-** Formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovble derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

**Terceiro.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

**PUNTO CUARTO.- LICENZA DE DIVISIÓN DE LOCAL.**

**Expediente: 2018/U018/000015**

Dáse conta da solicitude presentada por

[REDACTED]

Figura tamén informe da asesora xurídica de urbanismo, coas consideracións do seguinte teor literal:

(.....)

**“II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

*I. Con carácter previo cómpre apuntar que, no presente caso no se insta a división física ou material do local, polo que aínda non se precisa a execución de obras. O que solicítase é a segregación ou división “xurídica” dun local división de finca entendida como unidade de edificación pola que xurden outras dúas fincas ou unidades de edificación susceptibles de aproveitamento independente, que poden dar lugar a fincas rexistras como máis abaixo especificárase.*

*Cando se pretenda levar a cabo a ulterior división física ou material do local mediante a execución de obras, precisará da previa obtención do título habilitante de natureza urbanística (licenza ou comunicación previa urbanística segundo corresponda) e, de ser o caso, acondicionamento do locais resultantes.”*

(.....)

*IV. Cómpre apuntar que o informe suscrito pola arquitecta municipal condiciónase á “regularización do rexistro do global da segregación e agrupación de data 21 de outubro do 2005 autorizada polo notario de Negreira Manuel María Romero Neira (protocolo 1.545)”, mais, a inscrición rexistral é potestativa para os particulares (agás que, como consecuencia da autorización da división, fora precisa a práctica de algún asento rexistral vinculado á finca matriz ou ás de resultado, que non é o caso). Polo tanto, cómpre non extrapolar a condición do devandito informe coma condición da autorización,. A cal, nese senso, outorgarase pura e simplemente.*

*V. Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas. Tarifa 12 “por toda aquela actividade municipal que se axuste ao feito impositivo desta ordenanza e non apareza especificados epígrafes destas tarifas esixirse una taxa mínima de 64,57 €”. Mais, no presente caso, abonouse 129,14 € por aplicación da tarifa 1 “Licenzas de autorización para a segregación de parcelas urbanas, por cada parcela resultante 64,57 €”.*

*Mais no presente caso, non se trata da división dunha “parcela” urbanística á que refírese a tarifa 12, pois non estamos ante unha unidade de solo. No presente caso tratase dunha “finca”, dunha unidade de edificación -local- (ex. Art. 26 do Real Decreto lexislativo 7/2015, polo que apróbase o Texto refundido da Lei do Solo) polo que enténdese que a tarifa 1 é a axeitada para o caso en cuestión*

[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]



“

Figura ademais a conformidade da Intervención municipal ás consideracións tributarias deste expediente.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Autorizar a [REDACTED]

[REDACTED] para dar lugar a dous locais, a cuxo efecto presenta proxecto de segregación suscrito polo arquitecto David Fernández Nogueira (colexiado núm. 3.773) de data xuño de 2018, e o informe favorable suscrito pola arquitecta municipal, sendo a descrición dos locais que resultan da división xurídica, non física, a seguinte:

[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

(\*) Estas superficies útiles correspóndense co grafiado no documento técnico, non obstante, será necesario solicitar licenza de obra para a execución dos elementos construtivos que supoñan separación física entre locais e tanto a verdadeira execución destas divisións coma as obras de acondicionamento posteriores poden supor unha superficie útil en detrimento da prevista.

**Segundo.-** Remitir o expediente ao órgano de xestión tributaria aos efectos oportunos, no que se refire ao importe da autoliquidación ingresado segundo se detalla:

[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]

**Terceiro.-** Notificar aos interesados co réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa

**Cuarto.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## PUNTO QUINTO.- LICENZA DE PARCELACIÓN.

**Expediente: 2018/U018/000019**

Dáse conta da solicitude presentada por [REDACTED]

Figura no expediente proxecto de reordenación de dous parcelas, suscrito polo arquitecto técnico José Manuel Atán Jurjo (colexiado 580), de outubro de 2018, pola que resultarían tres parcelas de resultado.

Figura ademais, validación gráfica alternativa

Figura informe emitido pola arquitecta municipal Marta Bellas Rodríguez o 9 de abril do 2019 en senso favorable.

Clasificación do solo PXOM :

[Redacted text]

[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]

[Redacted text]

[Redacted]	[Redacted]
64,57 x 3 parcelas de resultado	193,71 €
<b>TOTAL TAXAS ABOADAS</b>	<b>193,71 €</b>

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura tamén a conformidade da Intervención municipal ás consideracións tributarias deste expediente.


Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.- Conceder**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, a



Parcelas resultantes	Superficie parcela	Vivendas
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]
[Redacted]	[Redacted]	[Redacted]

A descrición gráfica das actuacións de parcelación que se autoriza é a seguinte:



**Segundo.-** Autorizar a división dos terreos destinados a regularización de viario, cunha superficie de **57,65 m<sup>2</sup>** a efectos do cumprimento da obriga de cesión ao Concello do art. 24 LSG, cesión que condiciona a presente licenza de parcelación e que deberá formalizarse en documento público que deberá achegarse, cando máis, coas solicitudes de licenza de edificación.

A efectos de realizar a devandita cesión para regularización do viario público, a franxa de cesión deberá atoparse libre de cargas e gravames. Así mesmo, deberá atoparse libre de calquera instalación, construción ou elementos que impidan o destino efectivo para viario, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello namentres non se cumpra o anterior.

**Terceiro.-** Formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

**Cuarto.-** Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## PUNTO SEXTO .- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Expediente : 2018/U007/000020

Dáse conta da solicitude presentada por [REDACTED]

Figura no expediente, certificado final de obra (10 de setembro de 2018) , asinado polos técnicos directores das obras e visado polos colexios correspondentes.

A licenza de obras foi concedida ao devandito interesado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do 16 de marzo de 2017 (expediente 2016/U022/000068).

Constan no expediente os informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo. Figura a conformidade da intervención municipal ás consideracións tributarias deste expediente.

Figura aboada a taxa pola expedición de licenzas urbanísticas por importe de 64,57euros.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza de primeira ocupación solicitada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED]

**Segundo.-** Formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concedeu a licenza de obra 2016/U022/000068.

**Terceiro.-** Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

**Cuarto.-** Notificar aos interesados no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

**Quinto.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de tramite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## PUNTO SÉTIMO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO LOTE Nº 4 MONITOR DE ESPAZOS DE OCIO INFANTIL DENTRO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO INSERAMES BRION XI , TRAS A RENUNCIA DO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR

Expediente : 2019/C004/000003

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16 de maio de 2019 procedeu a efectuar a clasificación de ofertas no expediente de licitación do lote nº 4 Monitor de Espazos de Ocio Infantil do Programa Integrado de Emprego INSERAMES BRION XI, resultando clasificada en primeiro lugar a empresa SinergiaPlus Consultoría S.L.

O 21 de maio de 2019 notificouse o acordo adoptado as diferentes empresas adxudicatarias e foi requirida a clasificada en primeiro lugar para que achegase a documentación necesaria para proceder á adxudicación.

O 4 de xuño de 2019 SinerxiaPlus Consultoría S.L., presenta escrito de renuncia a adxudicación do lote nº4. Monitor de Espazos de Ocio Infantil do Programa Integrado de Emprego INSERAMES BRION XI

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, á Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 481/2016), adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aceptar a renuncia da empresa Sinerxia Plus Consultoria SI ao lote nº4 Monitor de Espazos de Ocio Infantil do programa integrado de emprego Inserames Brión XI e realizar novo clasificación por orde decrecente con arranxo ao seguinte:

LOTE 4: Monitor de espazos de ocio infantil	Puntuación criterios non valorables automaticamente	Puntuación criterios valorables automaticamente	Puntuación TOTAL
A Billarda S.L.	24,5	44,95	69,45

**Segundo.-** Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar no lote nº 4 Monitor de Espazos de Ocio Infantil son as que figuran na proposición formulada, e nos pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

**a) Prezo.** A oferta da licitadora é a seguinte:

LOTE 4: Monitor de espazos de ocio infantil	CIF	Nº de Accións formativas dos profesionais relacionadas coa docencia a maiores da mínima esixida	Oferta económica
A Billarda S.L.	B-27278845	9 accións formativas	490,00 €

**Terceiro.- Duración do contrato.**

A duración inicial será dende o día seguinte á formalización do contrato, e a prestación do servizo non excederán, en todo caso, do 31 de outubro de 2019.

Os horarios, días e lugares da prestación das accións formativas será determinada previamente polo concello.

**Cuarto.- Resto de condicións.** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Quinto.- Documentación a aportar,** previa a adxudicación, pola entidade aseguradora que presentou a mellor oferta.

No prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público a seguinte documentación, imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación.

Ao tratarse dunha empresa que resultou adxudicataria doutros lotes neste procedemento de licitación (lote nº 1 e lote nº 2) a empresa só deberá achegar a seguinte documentación:

**1º. Solvencia técnica ou profesional.** Acreditarase a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios que se especificaron no anuncio de licitación e no PCAP (Anexo III).

**a) A solvencia técnica ou profesional** acreditarase mediante:

Relación dos principais servizos o traballos realizados nos últimos tres anos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución.

Criterios:

LOTE	ANUALIDAD MEDIA	70% ANUALIDAD MEDIA
Lote n.º 4	522,86 €	366,00 €

Acreditarase mediante Certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado mediante unha certificación expedida por este, ou a falta de esa certificación, mediante unha declaración.

#### Formación e Experiencia Profesional dos formadores

A empresa adxudicataria deberá acreditar a formación e experiencia mínima esixida (3 accións formativas relacionadas co lote adxudicado) do persoal adscrito ao contrato para cada un dos lotes.

Acreditarase mediante: Copia dos títulos oficiais da formación da que dispoñan, contratos de traballo, certificados de empresa, vida laboral, curriculum vitae ou calquera outro documento que permita acreditar dita experiencia

O licitador executará o contrato cos mesmos medios que achegou para acreditar a súa solvencia. Só poderá substituílos, por causas imprevisibles, por outros medios que acrediten solvencia equivalente e coa correspondente autorización da Administración.

**2º. Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios ao contrato** que, no seu caso, comprometéronse a dedicar ou adscribir á execución do mesmo.

Deberá acreditar a existencia dos medios que se comprometeu a adscribir, segundo o Anexo VI do PCAP.

#### Medios Persoais:

a) Coordinador Técnico: Acreditará titulación de grado ou equivalente, contratos de traballo, certificados de empresa, vida laboral, curriculum vitae ou calquera outro documento que permita acreditar dita experiencia.

b) Formador/es: Acreditará titulación de ciclo medio ou equivalente, contratos de traballo, certificados de empresa, vida laboral, curriculum vitae ou calquera outro documento que permita acreditar a súa experiencia (mínima 3 accións formativas relacionadas coa docencia a impartir).

c) Experiencia a maiores formulada polo licitador na proposta

Deberase acreditar aquela experiencia profesional a maiores dos formadores, e relacionadas coa docencia a impartir, formulada polo adxudicatario na súa proposta.

#### Medios Materiais:

a) Copia do Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil por Riscos Profesionais por un importe non inferior ao valor estimado do contrato.. A efectos de comprobar a súa vixencia deberá achegar último recibo de pago.

b) Relación de medios materiais que o adxudicatario vai por a disposición da acción formativa.

**3º. Constitución da garantía definitiva** que, no seu caso, sexa procedente.

LOTE 4: Monitor de Actividades de Tempo Libre	Empresa Adxudicataria	Oferta económica	Importe Garantía (5% importe adxudicación)
	A Billarda	490,00 €	24,50 €

A constitución da garantía poderá facerse mediante Aval Bancario ou en efectivo mediante transferencia bancaria efectuada ao seguinte número de conta bancaria de titularidade municipal: ES76/2080/0317/7031/1000/0116

Se formulase garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, conxuntamente co resto da documentación requirida, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal no Rexistro Xeral Municipal dentro do prazo (10 días)

para presentar a documentación.

**Sexto.-** Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás catorce horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde en funcións  
José M. Miñones Conde

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo